

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIÓN
GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA (UGT-GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DUN
PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS:

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Cristóbal Medeiros Fernández, con DNI _____ secretario xeral da Unión General de Trabaxadores de Galicia (UGT-Galicia), con CIF G15383011, que actúa en nome e representación da citada entidade en virtude do establecido nos seus estatutos.

MANIFESTAN:

1. Que o Sindicato Unión General de Trabaxadores (en diante, UGT-Galicia) é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983) (especialmente os seus artigos 1, 2 e 3), e de que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Dentro do Goberno galego, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

2. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade e tamén de favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Neste plan recóllense unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.

3. Que lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso normal do galego como lingua cooficial da Comunidade Autónoma galega e arbitrar as medidas necesarias para promover a implantación progresiva da lingua galega, de maneira que a cidadanía en todos os ámbitos sociais coñeza en igual medida o galego e o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas entre as que figuran os sindicatos con implantación en Galicia.

4. Que, dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, se enmarcan as actividades que promove a UGT-Galicia, organización sindical de ampla implantación social e traxectoria histórica, que conta cun gran número de afiliados entre as traballadoras e traballadores galegos por ter representatividade en todos os sectores laborais e industriais da comunidade autónoma.

5. Que as actividades que promove a UGT-Galicia, pola súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva aos outros sindicatos maioritarios en Galicia –CSI-F Galicia, CCOO, CIG e ANPE-GALICIA–, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas no convenio.

Polo exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2025, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a UGT-Galicia para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega neste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a normalizar o uso da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato, coa finalidade de conseguir que o galego sexa unha lingua operativa e coñecida en todos os ámbitos da sociedade.

As actividades que promove UGT-Galicia soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta a colaboración no proceso normalizador deste sindicato, non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas neste convenio.

As actividades que promove UGT-Galicia, pola súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva aos outros sindicatos maioritarios en Galicia –CSI-F Galicia, CCOO, CIG e ANPEGALICIA –, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas neste convenio.

Segunda. Obrigas da UGT-Galicia

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), e do Plan de normalización da lingua galega, a UGT-Galicia asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

- Mantemento en galego da páxina Web da UGT - Galicia www.ugtgalicia.org.

- Uso e mantemento de redes sociais corporativas: facebook, twitter e instagram.
- Elaboración e tradución de documentos impresos: folletos, manuais sindicais, convenios sectoriais, reprodución de imaxes corporativas do sindicato, etc.
- Elaboración en lingua galega dos documentos de comunicación interna e externa.
- Utilización da lingua galega no material divulgativo e informativo: informes, convenios colectivos, carteis, publicacións, etc.

Coa sinatura deste convenio financiaranse os gastos correntes que orixine a realización destas actuacións.

Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, a UGT-Galicia o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta. Financiamento

A Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **1.000,00 €**, con cargo á aplicación 13.02.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>). Código de procedemento PR004A.

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, a UGT-Galicia presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Unha certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará a xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos, entregárase nesta secretaría xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede,

o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

Para percibir a mencionada axuda, a UGT-Galicia queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, a UGT-Galicia presentará na Cultura, Lingua e Xuventude unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007), e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a UGT-Galicia presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo fin, ás distintas administracións públicas ou a calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. No caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, a UGT-Galicia deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007), e tamén que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de subvencións por algunha das causas recollidas nas disposicións vixentes en materia de subvencións.

No caso de incumprírense as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007). e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, a UGT-Galicia comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora segundo o

procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).

A UGT-Galicia utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A UGT-Galicia facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983) . Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio

Oitava. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014) que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003) esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de

racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014).

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003) modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014).

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013), e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Coa sinatura deste convenio, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen nel e mais o resto das especificacións que contén poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 outórgase o consentimento para que se publiquen as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes se compromete a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou pola súa denuncia por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes da UGT-Galicia. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade –nin

directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades previstas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro 2015) os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro 2018), e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais, e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto ás normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei).

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2010).

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007)., e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

O secretario xeral da
UGT-Galicia

José Carlos López Campos

Cristóbal Medeiros Fernández

ANEXO

**ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª actividade/acción, descrición: Elaboración e mantemento de medios de difusión e comunicación dixitais e físicos	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Gastos de persoal	1.000,00 €
TOTAL	1.000,00 €